



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE APERTURA DE ARQUIVOS ELECTRÓNICOS SOBRES A (DOCUMENTACIÓN) E B (REFERENCIAS TÉCNICAS - CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA) DO CONTRATO DE OBRA “PUNTO LIMPO FIXO NO CONCELLO DE TOURO” (EXPEDIENTE 2024/C003/000016).

Reunida a Mesa de Contratación do Concello de Touro ás 10.01 horas do día 9 de setembro de 2024, ao obxecto de proceder á apertura dos arquivos electrónicos sobres A (documentación administrativa) e B (referencias técnicas – criterios non avaliados de forma automática) presentados a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>) participantes no procedemento para a contratación:

Tipo de contrato: Obras	
Obxecto do contrato: Punto limpo fixo no Concello de Touro	
Procedemento de contratación: aberto	Tipo de tramitación: Ordinaria
Código CPV: 45223000 Traballos de construción de estruturas	
Valor estimado do contrato: 292.346,10 € (excluído IVE)	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 292.346,10 €	IVE (21 %): 61.392,68 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 353.738,78 €	
Prazo de execución: 180 días	

A mesa constitúese baixo a presidencia de D. Jesús Martínez Pereira, Concelleiro delegado de Obras.

Asistindo como vogais:

- D. José López González, Secretario-Interventor municipal.
- D. Ramón Vilar López, funcionario municipal.
- D. Manuel Rodríguez Calvo, persoal laboral fixo.

Da fe do acto o secretario da Mesa D. José Ramón Casal Orza, funcionario municipal (administrativo).

1º.- Apertura e calificación administrativa:

Dáse conta das ofertas presentadas así como as datas de presentación das ofertas que resultan ser:

- OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (C.I.F. B15608193) en data 03/09/2024 ás 09.29 horas

Procedeuse á apertura do sobre A (documentación administrativa) presentado pola citada empresa, trala revisión da documentación aportada polos licitador, a mesa conclúe por unanimidade admitir á única empresa referidas anteriormente.

- OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (C.I.F. B15608193)

2º.- Apertura do sobre B (referencias técnicas - criterios non avaliados de forma automática) do licitador admitido, dando lectura a relación dos documentos aportados:

LICITADOR	Plan de control de calidade	Programa de traballo	Programa de actuación ambiental	Esquema do Plan de seguridade e saúde
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	Documento formado por 10 páxinas	Documento formado por 25 páxinas	Documento formado por 12 páxinas	Documento formado por 15 páxinas

Unha vez comprobada a documentación destes e a vista dos mesmos e do actuado, a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes ACORDA:



Solicitar a ESTUDIO TÉCNICO GALEGO para que no prazo máximo dos CINCO (5) DIAS naturais seguintes á apertura do sobre B proceda á valoración das propostas contidas nos referidos sobres B con arranxo aos criterios de adxudicación e ponderación establecidos na cláusula 14 do Prego de Cláusulas Administrativas. Esta valoración deberá asinarse polo técnico que a realice.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 10.05 horas do día 9 de setembro de 2024, o señor presidente levanta a sesión e esténdese a presente acta da que eu secretario dou fe.

O Presidente

O Secretario